

CORONADIARIO

CEIP SAN ROQUE - 4º EP

Número 14

Venres, 11 de setembro de 2020



Gústanos moito a nosa clase, imos facer uns traballos ben bonitos para poñela ó noso aire.

Xa estamos en 4º!

Que emoción! Hoxe por fin voltamos ó Colexio despois de seis meses. Estamos moi contentos de vernos e de empezar un novo curso pero temos que seguir un protocolo bastante difícil para protexernos da pandemia do COVID-19: na casa temos que comprobar que non temos ningún sintoma para poder vir ó Colexio, non podemos xuntarnos con outros cursos, temos que ir sempre pola dereita e gardar unha distancia. Na clase estamos tan separados que casi non cabemos. Tamén temos que levar máscara, desinfectar as mans varias veces e non podemos compartir nin tocar nada. Berta propúxonos traballar sobre as emocións que sentimos e as ilusións que temos.

Fainos moita ilusión empezar un novo curso, xogar cos amigos e ter un compañeiro novo



OS NOSOS SENTIMENTOS

Todos sentimos alegría por volver ó Colexio e ver ós amigos e á profe. Estamos algo nerviosos por empezar un curso novo. Temos un pouco medo porque estamos vivindo unha pandemia e tamén pena por non poder xogar cos amigos coma antes. Tamén sentimos incomodidade por ter que levar a máscara.

AS NOSAS ILUSIÓNS

Fainos moita ilusión estar en 4º curso, aprender xuntos e sacar boas notas. E tamén volver a xogar cos amigos, aínda que sin tocarnos nin compartir, e ter un compañeiro novo que se chama Iván. O coronavirus cambiounos moitas cousas pero non nos vai quitar as ilusións nin os amigos. Todos xuntos vencerémolo!